

IES PLURILINGÜE FONTEXERÍA  
**PROGRAMACIÓN  
DIDÁCTICA**  
DA MATERIA / ÁREA DE:  
**EDUCACIÓN FÍSICA**

DEPARTAMENTO	NIVEL	CURSO
EDUCACIÓN FÍSICA	ESO	2º

Muros  
Curso 2019 - 2020

## Índice:

1. Introducción e contextualización .....	3
2. Contribución dos estándares de aprendizaxe avaliados ao desenvolvemento das competencias clave 10	
3. Obxectivos da materia .....	19
4. Desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe: temporalización, mínimo para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.....	22
5. Metodoloxía .....	70
6. Materiais e recursos didácticos.....	75
7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	79
8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente .....	93
9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	94
10. Procedementos para acreditar coñecementos necesarios en determinadas materias (só para bacharelato).....	76
11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar .....	97
12. Medidas de atención á diversidade.....	97
13. Elementos transversais.....	105
14. Actividades complementarias e extraescolares .....	107
15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da propia programación .....	109
16. Accións de contribución ao proxecto lector .....	111
17. Accións de contribución ao proxecto TIC.....	112
18. Accións de contribución ao plan de convivencia.....	114
19. Información ao alumnado e ás familias.....	115

NOTA: Facer CLIC sobre cada epígrafe para ir ao apartado correspondente.

# 1. Introducción e contextualización

---

## Normativa

Na elaboración desta programación tívose en conta a lexislación vixente, en concreto a directamente relacionada coa mesma:

**Lei Orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

**Real Decreto 1105/2014** 26 de Decembro polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.LOMCE.

**Orde ECD/65/2015** do 21 de Xaneiro na que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de Avaliación da educación primaria, secundaria e bacharelato.

**Decreto 8/6/2015** do 25 de Xuño polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na comunidade Autónoma de Galicia.LOMCE

**Orde do 15 de xullo de 2015** pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).

**Res- 27/06/2015, DOG do 29 de Xullo** polo que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia

**Res-15/07/2016** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación no curso académico 2016/17, do Decreto 86/2015 , do 25 de Xuño, da educación Secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Orde do 12 de xuño de 2017** pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2017/18 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia

**Resolución do 20 de xullo de 2017**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2017/18,do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## GLOSARIO

Desenvolvemento curricular	2ª nivel de planificación curricular. Inclúese no PE.
Programacións didácticas	3º nivel de planificación. Realizada polo departamento didáctico.
Programación de aula	4º nivel de planificación. Realizada polo profesorado.
Programación didáctica	Instrumento de planificación curricular específico de cada área que pretende o ensino - aprendizaxe do alumnado. Debe responder a estas cuestións: <ol style="list-style-type: none"><li>1. Que, cando e como ensinar /</li><li>2. Que, cando e como avaliar /</li><li>3. Como atender á diversidade.</li></ol>
Criterios de avaliación	Referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias. Responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina (art. 2.3. do Decreto 86/2015).
Estándares de aprendizaxe	Especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliáveis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado.
<b>Criterios de cualificación</b>	
Indicadores de logro	Son especificacións dos estándares para graduar o seu nivel de adquisición. Forman parte dos criterios de cualificación de dito estándar. O instrumento máis idóneo para identificar esa graduación sería a rúbrica (art. 7.4 da Orde ECD 65/2015, BOE 29/1/2015). <b>O docente é o responsable da súa definición e posta en práctica.</b>

Ven recollido no:

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A materia de Educación Física ten como finalidade principal que os alumnos e as alumnas alcancen a competencia motriz, entendida como un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e emocións que interveñen nas múltiples interaccións que realiza unha persoa no seu

medio e coas demais, que permite que o alumnado supere os problemas motores propostos tanto nas sesión de Educación Física como na súa vida cotiá; sempre actuando de forma coherente e en concordancia co nivel de desenvolvemento psicomotor, e outorgándolle especial sensibilidade á atención á diversidade nas aulas, utilizando estratexias inclusivas e procurando a integración dos coñecementos, os procedementos, as actitudes e as emocións que se vinculan á conduta motora.

A competencia motriz, malia non estar recollida como unha das competencias clave, é fundamental para o desenvolvemento destas, nomeadamente o das competencias sociais e cívicas, de aprender a aprender, de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, de conciencia e expresións culturais, da competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía e, en menor medida, da de comunicación lingüística e da competencia dixital. O traballo por competencias integra un coñecemento de base conceptual, outro relativo ás destrezas e, por último, un con grande influencia social e cultural, que implica un conxunto de valores e actitudes.

O presente currículo de Educación Física mantén a coherencia e a homoxeneidade coa etapa de educación primaria, nas etapas da ESO e do bacharelato, entendendo a materia como un continuo, tanto nos seus contidos como nas aprendizaxes que debe conseguir o alumnado ao longo de todas as etapas do sistema educativo.

Na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato o alumnado utilizará o seu potencial motor á vez que desenvolve todas as súas capacidades. Isto implica mobilizar toda unha serie de coñecementos, habilidades motrices, actitudes e valores en relación co corpo, en diversas situacións de ensino e aprendizaxe, nas que a experiencia individual e colectiva permita adaptar a conduta motriz a diferentes ámbitos, conseguindo que o alumnado sexa un suxeito activo, responsable da xestión do seu estilo de vida saudable.

Nestas etapas educativas, a Educación Física debe permitir incrementar e mellorar o seu compromiso motor, sempre adecuado ás súas posibilidades, e desenvolver as habilidades motrices específicas con complexidade crecente á medida que se progresa nos sucesivos cursos.

As propias actividades axudarán, ademais, a desenvolver a relación coas demais persoas, o respecto, a atención especial á igualdade de xénero, entendendo as diferenzas relativas ás capacidades psicofísicas entre as rapazas e os rapaces, os condicionantes dos estereotipos sociais, a colaboración, o traballo en equipo, o xogo limpo, a resolución de conflitos, o recoñecemento do esforzo para lograr metas, a aceptación de regras establecidas e o desenvolvemento da iniciativa individual.

Educación Física, tanto na etapa de ESO coma no bacharelato, terá como fin estratéxico introducir o alumnado cara a práctica de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, nas que poida manter un papel de practicante activo ao longo da súa vida, tendo en conta as novas formas de prácticas motrices que xorden na sociedade actual, moitas delas vinculadas ao contorno próximo do alumnado pola motivación intrínseca que representan.

Cómpre salientar os xogos e os deportes tradicionais galegos, que, xunto coas danzas e os bailes propios de Galicia, supoñen un elemento importante de transmisión do noso patrimonio artístico e cultural, ademais de fomentar as relacións interxeracionais.

As propostas didácticas deben incorporar a reflexión e a análise dos procesos de ensino e aprendizaxe, co fin de facilitar estratexias de transferencia dos coñecementos a outras situacións.

Para facilitar a concreción curricular de Educación Física establécense dez criterios de avaliación para o primeiro ciclo da ESO, que abrangue os tres primeiros cursos, doce para o cuarto curso da ESO e nove para o primeiro curso de bacharelato, criterios que establecen os resultados que se deben conseguir por medio dos estándares de aprendizaxe. Estes permitirán definir os resultados das aprendizaxes e concretarán, mediante accións, o que o alumnado debe saber e saber facer na materia de Educación Física. Estes estándares están graduados e secuenciados ao longo de todas as etapas e, unha vez finalizadas estas, todos eles deberán estar alcanzados e consolidados.

Os contidos preséntanse distribuídos en catro grandes bloques:

- Bloque 1. Contidos comúns.
- Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas.
- Bloque 3. Actividade física e saúde.
- Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas.

Esta distribución non determina métodos concretos; unicamente responde a unha forma de organizar os contidos dun xeito enlazado atendendo á configuración cíclica do ensino da materia, construíndo uns coñecementos sobre os outros, como unha estrutura de relacións observables, de maneira que se facilite a súa comprensión e aplicación en contextos cada vez máis enriquecedores e complexos. Tampouco implica unha organización pechada, xa que permite organizar os contidos de diferentes formas, adoptando a metodoloxía máis adecuada ás características tanto do grupo de alumnos e alumnas como dos propios contidos.

Os contidos do bloque común, pola súa natureza transversal, traballaranse ao longo do curso de xeito integrado cos contidos do resto dos bloques, dado que trata aspectos como a construción das fases dunha sesión, o aseo persoal, a participación nas actividades físicas

independentemente do propio nivel de execución, a resolución de conflitos mediante o diálogo e a aceptación das regras establecidas, as posibilidades que presentan as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno, o control de riscos, o desenvolvemento da iniciativa individual e de hábitos de esforzo, as actitudes, a confianza, o uso adecuado dos materiais e dos espazos, e a integración das tecnoloxías da información e da comunicación.

O bloque segundo trata os contidos que teñen que ver coa interpretación e a execución de accións motrices, utilizando técnicas de expresión corporal, baile e outros recursos artísticos.

O terceiro bloque inclúe todos os aspectos relacionados coa saúde que se poden abordar desde a práctica da actividade física, segundo as recomendacións de diversos organismos de ámbito internacional, estatal e autonómico.

No bloque dos xogos e as actividades deportivas tamén están incluídos todos os tipos de actividades físico-deportivas desenvolvidas no medio natural.

Os contidos asociados aos criterios de avaliación de cada bloque en cada curso serán concretados nas programacións didácticas, de xeito que cada centro docente poida determinalos en función das instalacións e dos recursos materiais dos que dispón, ademais das características do contorno onde se localiza.

Estes contidos serán diferentes nos primeiros cursos, para que o alumnado poida iniciarse nunha grande variedade de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas. Nos últimos cursos estes contidos poderán ser perfeccionados sobre a base das aprendizaxes anteriores.

Como consecuencia de todo o anterior, establécese unha serie de orientacións metodolóxicas para a materia que favorecerán un enfoque competencial, así como a consecución, a consolidación e a integración dos estándares por parte do alumnado:

- Educación Física nestas etapas terá un carácter eminentemente práctico e vivencial.
- A asimilación das aprendizaxes e a adaptación ao traballo do alumnado en Educación Física aconsella a distribución das dúas sesións semanais en diferentes días.
- A selección dos contidos e das metodoloxías activas e contextualizadas debe asegurar o desenvolvemento das competencias clave ao longo destas etapas.
- O uso de estruturas de aprendizaxe cooperativa posibilitarán a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potenciarán a inclusión do alumnado.
- O profesorado deseñará diferentes tipos de tarefas e secuencias adaptadas aos niveis, ás formas e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, co obxecto de atender

á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos o máis ampla posible, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación desenvolvidas nos últimos tempos en diferentes ámbitos da Educación Física.

– Favoreceranse metodoloxías que teñan a súa base na descuberta guiada, a resolución de problemas, o traballo por retos e proxectos, e a cooperación, tendo presente o desenvolvemento da creatividade do alumnado.

– Deberá procurarse a implicación das familias como un factor clave para facer dos alumnos e das alumnas auténticos suxeitos activos dunha xestión cada vez máis autónoma e comprometida da súa saúde, mediante a adquisición de hábitos de vida saudables.

Finalmente, é necesaria unha axeitada coordinación entre o equipo docente sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen co alumnado. Os departamentos didácticos, logo dunha reflexión, deben formular con criterios consensuados unha estratexia metodolóxica común para desenvolver ao longo do proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado, considerando, ademais, que a promoción da práctica diaria de deporte e o exercicio físico por parte dos alumnos e das alumnas durante a xornada escolar debe formar parte do seu desenvolvemento integral.

## **CONTEXTUALIZACIÓN**

O IES FONTEXERIA é un centro educativo situado no Concello de Muros, no que se imparten os dous ciclos da E.S.O, 1o e 2o de bacharelato. O resto das ensinanzas ofertadas son o ciclo medio de Equipos e Instalacións Electrotécnicas, ademais da E.S.A. Estes alumnos non cursan a materia de Educación Física.

As instalacións para a práctica deportiva coas que conta o centro son as seguintes: un ximnasio de 400 metros cadrados, dúas pistas exteriores descubertas, infrautilizadas por mor do mal tempo e a intensa pluviosidade da zona. Quedan polo tanto definidas unhas instalacións suficientes para garantir unha adecuada calidade do ensino da Educación Física.

A situación do centro na proximidade da costa e tamén do monte, ofrece amplas posibilidades para desenvolver contidos no medio natural, aínda que difíciles de integrar no horario lectivo. De calquera xeito, contemplamos a posibilidade da práctica física nun campo de herba próximo ao centro, coñecido como Pozo do Cachón, ao que habería que acceder cruzando a rúa para o traslado dos grupos de alumnos, polo que se realizará con alumnos/as de 2o ciclo e bacharelato. Tamén se abre a posibilidade de organizar algunha actividade na praia da Rocha, situada tamén próxima ao centro, sempre que o tempo o permita e se dea a coincidencia de que a marea estea



baixa, quedando nese caso unha ampla explanada, adecuada para a práctica dalgún deporte ou actividades recreativa.

Actualmente, existe tamén e está en funcionamento unha piscina municipal, que integra ximnasio con sala de máquinas e outra pequena sala para aerobio e outras actividades ximnásticas dirixidas por monitor/a. Pensamos nesta posibilidade como acercamento do alumnado ao que pode ser a práctica de actividade física no seu tempo de lecer. Disto dependerá por suposto o acordo coa administración correspondente, se fora o caso.

## COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

O Departamento de Educación Física, actualmente, está constituído este curso por un profesor e una profesora. O primeiro como resultado do concurso de traslados, ao liberar a plaza existente o segundo profesor do departamento, que se atopaba en situación de comisión de servicio, sendo ocupada polo profesor especialista en educación física, Anxo Agra Ramírez, que entra con destino definitivo no centro. A outra plaza de educación Física segue estando ocupada pola profesora Marta Cruz Añón, profesora con destino definitivo no centro dende o curso 1996-97. Anxo Agra impartirá Educación Física nos cursos de 2º Eso A e B, 3º ESO B e 1º BACHARELATO A e B, ademais de pasar a coordinar o PROXECTO DEPORTIVO DE CENTRO. Marta Cruz impartirá a materia de Educación Física en 1º de ESO (2 grupos), 3º de ESO A, 4º de ESO ( grupo), e novamente a optativa de 2º de bacharelato EDUCACIÓN FÍSICA E VIDA SAUDABLE (1 grupo e carga horaria unha hora semanal), continuando co cargo de Xefa do Departamento. .

## 2. Contribución dos estándares de aprendizaxe avaliáveis ao desenvolvemento das competencias clave

---

Competencias: son as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

### *Descrición do modelo competencial*

Na descrición do modelo competencial inclúese o marco de descritores competenciais, no que aparecen os contidos reconfigurados desde un enfoque de aplicación que facilita o adestramento das competencias; lembremos que estas non se estudan, nin se ensinan: adéstranse. Para iso, é necesaria a xeración de tarefas de aprendizaxe que permitan ao alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é imposible; debido a iso, cada unha destas divídese en **indicadores de seguimento** (entre dous e cinco por competencia), grandes piares que permiten describirla dun xeito máis preciso; dado que o carácter destes é aínda moi xeral, o axuste do nivel de concreción esixe que os devanditos indicadores se dividan, á súa vez, no que se denominan **descritores da competencia**, que serán os que «describan» o grao competencial do alumnado. Por cada indicador de seguimento encontraremos entre dous e catro descritores, cos verbos en infinitivo.

En cada unidade didáctica cada un destes descritores concrétase en **desempeños competenciais**, redactados en terceira persoa do singular do presente de indicativo. O desempeño é o aspecto específico da competencia que se pode adestrar e avaliar de xeito explícito; é, polo tanto, concreto e obxectivo. Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto e aplicable a todas as materias e cursos da etapa.

Respectando o tratamento específico nalgúns áreas, os **elementos transversais**, como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballarase desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento e a aprendizaxe dos **valores**, presentes en todas as áreas,

axudarán a que os alumnos e as alumnas aprendan a desenvolverse nunha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir, e en cuxa construción colaboren.

A diversidade dos alumnos e as alumnas, cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, hanos de conducir a traballar desde as **diferentes potencialidades** de cada un deles, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

### ***Na área de Educación Física***

Na área de Educación Física incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns a esta.

#### *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía*

A aprendizaxe da Educación Física vai contribuír ao desenvolvemento desta competencia na medida en que contextualiza a resolución de problemas en situacións cotiás. As situacións que formula poden desenvolverse coa realización de cálculos; a utilización de números, interpretando informacións, datos, argumentacións e realizando razoamentos de lóxica matemática sobre orde, secuencias, cantidades, distancias... Ademais, a adquisición de hábitos saudables por medio da práctica física e a posibilidade da súa realización no contorno natural fan da Educación Física un elemento fundamental para o tratamento desta competencia.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Xerar criterios persoais sobre a visión social sobre a estética do corpo humano fronte ao coidado saudable.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder a preguntas.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

#### *Comunicación lingüística*

A aprendizaxe e práctica da Educación Física precisa de intercambios comunicativos que favorezan a transmisión de información de xeito eficaz, contribuíndo á súa vez á adquisición do vocabulario propio da área.

Adestrar os descritores indicados garántenos unha maior comprensión por parte do alumnado, isto lévanos a un coñecemento profundo e a adquirir con gran destreza aquilo que nos propoñemos.

Os descritores que priorizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

*En caso de centros bilingües ou plurilingües que impartan a materia noutra lingua:*

- Manter conversas noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

### *Competencia dixital*

A Educación Física favorece o desenvolvemento dunha actitude crítica cara ás mensaxes e estereotipos referidos ao corpo e a súa imaxe, procedentes dos medios de comunicación de masas e das redes sociais.

Á súa vez, o uso de aparatos tecnolóxicos para medir diferentes variables asociadas á práctica deportiva e a busca de información a través de medios dixitais permitirá o desenvolvemento dos seguintes descritores competenciais:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada da obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

### *Conciencia e expresións culturais*

Por medio da Educación Física o alumnado pode explorar e utilizar o seu propio corpo e o seu movemento como medio para a expresión de ideas ou sentimentos de xeito creativo.

Ademais, aprende a apreciar manifestacións culturais e artísticas en xeral e á visión que se tivo delas ou de conceptos como a estética ou a beleza a través das diferentes culturas e relixións.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.

### *Competencias sociais e cívicas*

As actividades físicas, fundamentalmente as que se realizan de forma colectiva, contribúen ao desenvolvemento de actitudes de integración e respecto, así como a xerar situacións de convivencias, cooperación e solidariedade.

O respecto ás normas e regras do xogo terán unha transferencia directa cara ao recoñecemento dos códigos de conduta que rexen a convivencia cidadá.

Así mesmo, a resolución de conflitos propios de situacións competitivas axudará a desenvolver aspectos como a negociación ou o diálogo.

Esta área contribuirá á reflexión crítica a preto de fenómenos sociais como o deporte-espectáculo que, en ocasións pode xerar situacións de violencia ou contrarias á dignidade humana, así como o achegamento ao deporte popular como medio para desenvolver o asociacionismo e as iniciativas cidadás.

Os descritores que adestraremos son os seguintes:

- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de colaboración establecidos.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

### *Sentido de iniciativa e espírito emprendedor*

Esta materia contribúe a fomentar a autonomía e iniciativa persoal na medida que se utilizan

procedementos que esixen planificar, avaliar distintas posibilidades e tomar decisións. O liderado á hora de contaxiar entusiasmo ou delegar funcións nos compañeiros e compañeiras será a clave á hora de desenvolver actividades de equipo. As situacións deportivas levarán o alumnado a tomar decisións nas que a asunción de riscos xunto coa aceptación de responsabilidades serán inevitables.

Os descritores que adestraremos son:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Ser constante no traballo, superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Mostrar iniciativa persoal para comezar ou promover accións novas.

### *Aprender a aprender*

A actividade física propia desta área favorece a construción do autoconcepto por medio da aceptación das propias posibilidades e carencias, partindo da aprendizaxe motora para a súa transferencia a actividades motoras máis complexas.

O establecemento de metas alcanzables, cuxa consecución xerará autoconfianza, axudará a fortalecer un equilibrio emocional no alumnado que favoreza o desenvolvemento de ferramentas para estimular o pensamento e a planificación e avaliación das súas propias aprendizaxes por medio da metacognición.

Os descritores que adestraremos son:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Xestionar os recursos e as motivacións persoais a favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

As competencias clave do currículo serán as seguintes:

CCL \_Comunicación lingüística.

CMCCT Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía .

CD \_\_Competencia dixital.

CAA \_Aprender a aprender.

CSC \_Competencias sociais e cívicas.

CSIEE Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

CCEC Conciencia e expresións culturais.

#### Bloque 1:Contidos común en Educación Física

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ EFB1.1.1. Recoñece de xeito básico a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS ( CSC)</li><li>▪ COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT).</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión de acordo cos contidos que se vaian realizar, seguindo as orientacións dadas.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS ( CSC)</li><li>▪ APRENDER A APRENDER ( CAA) Aprender a aprender</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ EFB1.1.3. Respecta os hábitos de aseo persoal en relación á saúde e a actividade física.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS ( CSC)</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ EFB1.2.1. Aмосa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS ( CSC)</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS ( CSC)</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ EFB1.2.3. Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do seu nivel de</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS ( CSC)</li></ul>

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
destreza.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.1. Coñece e identifica as posibilidades que ofrece o seu contorno próximo para a realización de actividades físico-deportivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS ( CSC)</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.2. Respecta o seu controno e a valora como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS ( CSC)</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.3. Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS ( CSC)</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco relevante para si mesmo/a ou para as demais persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS ( CSC)</li> <li>▪ SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE).</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.4.2. Describe e pon en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección no seu contorno.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE).</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ COMPETENCIA DIXITAL (CD)</li> <li>▪ COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL).</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.5.2. Expón e defende traballos sinxelos sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ COMPETENCIA DIXITAL (CD)</li> <li>▪ COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL).</li> </ul>



Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
recursos tecnolóxicos.	

### Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas

▪ EFB2.1.1. Utiliza técnicas corporais básicas, combinando espazo, tempo e intensidade.	▪ CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI (CCEC).
▪ EFB2.1.2. Pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo.	▪ CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI (CCEC).
▪ EFB2.1.3. Colabora na realización de bailes e danzas.	▪ CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI (CCEC).

### Bloque 3. Actividade física e saúde

▪ EFB3.1.1. Distingue de xeito básico o impacto que pode ter a alimentación nun estilo de vida saudable.	▪ COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT).
▪ EFB3.1.2. Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora da condición física.	▪ COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT). ▪ APRENDER A APRENDER (CAA) APRENDER A APRENDER
▪ EFB3.1.3. Identifica de xeito básico as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, e lévaas á práctica.	▪ COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT).
▪ EFB3.2.1. Iniciase na participación activa das actividades para a mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento.	▪ APRENDER A APRENDER (CAA)

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.2.2. Alcanza niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ APRENDER A APRENDER ( CAA)</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.2.3. Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT).</li> <li>▪ SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE).</li> </ul>

#### Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e das habilidades específicas adaptadas máis sinxelas, respectando as regras e as normas establecidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ APRENDER A APRENDER ( CAA)</li> <li>▪ SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE).</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.1.2. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados máis sinxelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ APRENDER A APRENDER ( CAA)</li> <li>▪ SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE).</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.1.3. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación, adecuado á súa idade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ APRENDER A APRENDER ( CAA)</li> <li>▪ SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE).</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.1.4. Explica e pon en práctica técnicas básicas de progresión en contornos non estables e técnicas básicas de orientación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ APRENDER A APRENDER ( CAA)</li> <li>▪ SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE).</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos básicos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ APRENDER A APRENDER ( CAA)</li> <li>▪ SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE).</li> </ul>

facilitadas, respectando o regulamento.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.2.2. Pon en práctica aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ APRENDER A APRENDER ( CAA)</li> <li>▪ SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE).</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.2.3. Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións facilitadas de colaboración, oposición e colaboración-oposición, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ APRENDER A APRENDER ( CAA)</li> <li>▪ SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE).</li> </ul>

### 3. Obxectivos da materia

---

#### Obxectivos na ESO:

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan conseguir os seguintes obxectivos:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido

crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua ga-lega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas , así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes a cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desen-volvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes a comunidade lusófona.

## OBXECTIVOS DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA 2º ESO

1. Resolver situacións motoras individuais aplicando os fundamentos técnicos e habilidades específicas, das actividades físico-deportivas propostas, en condicións reais ou adaptadas.
2. Interpretar e producir accións motoras con finalidades artístico-expresivas, utilizando técnicas de expresión corporal e outros recursos.
3. Resolver situacións motoras de oposición, colaboración ou colaboración-oposición, utilizando as estratexias máis adecuadas en función dos estímulos relevantes.
4. Recoñecer os factores que interveñen na acción motora e os mecanismos de control da intensidade da actividade física, aplicándoos á propia práctica e relacionándoos coa saúde.
5. Desenvolver as capacidades físicas de acordo coas posibilidades persoais e dentro das marxes da saúde, mostrando unha actitude de autoesixencia no seu esforzo.
6. Desenvolver actividades propias de cada unha das fases da sesión de actividade física, relacionándoas coas características destas.
7. Recoñecer as posibilidades das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas como formas de inclusión social, facilitando a eliminación de obstáculos á participación doutras persoas independentemente das súas características, colaborando cos demais e aceptando as súas achegas.
8. Recoñecer as posibilidades que ofrecen as actividades físico-deportivas como formas de ocio activo e de utilización responsable do contorno.
9. Controlar as dificultades e os riscos durante a súa participación en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, analizando as características destas e as interaccións motoras que levan consigo, e adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento.
10. Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe, para buscar, analizar e seleccionar información relevante, elaborando documentos propios, e facendo exposicións e argumentacións destes.

## 4. Desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe: temporalización, mínimo para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación

### CURSO: 2º ESO

Educación Física. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Contidos comúns en Educación Física				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ m</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Fases de activación e recuperación na práctica da actividade física de carácter xeral e específica, en función da actividade que se realice realizar.</li> <li>▪ B1.2. Selección e execución de xogos e exercicios apropiados para cada fase da sesión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Recoñecer e aplicar actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, en relación coas súas características.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.1.1.Recoñece a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian realizar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.1.3. Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias dificultades, baixo a dirección do/da docente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ l</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Respecto e aceptación das regras das actividades, os xogos e os deportes practicados.</li> <li>▪ B1.4. Papeis e estereotipos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, como fenómeno social e cultural.</li> <li>▪ B1.5. Aceptación do propio nivel de execución e o das demais persoas, e disposición positiva cara á súa mellora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Recoñecer as posibilidades das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas como formas de inclusión social, facilitando a eliminación de obstáculos á participación doutras persoas independentemente das súas características, colaborando elas e aceptando as súas achegas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.2.1. Amosa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.2.3. Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do nivel de destreza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ m</li> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Posibilidades do contorno próximo como lugar de práctica de actividades físico deportivas e recreativas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Recoñecer as posibilidades que ofrecen as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.1. Coñece as posibilidades que ofrece o contorno para a realización de actividades físico-deportivas axeitadas a súa idade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>

Educación Física. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ l</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Aceptación e respecto das normas para a conservación do medio urbano e natural.</li> <li>▪ B1.8. Actividade física como elemento base dos estilos de vida saudable.</li> <li>▪ B1.9. Estereotipos corporais na sociedade actual e a súa relación coa saúde.</li> </ul>	do contorno.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.2. Respecta o contorno e valóralo como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.3. Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<p><b>METODOLOXÍA:</b>  <b>En</b> función dos aspectos ou actividades a desenvolver, buscando una progresiva autonomía por parte do alumno.</p>		<p>Os estilos de ensino centraranse sobre todo na organización de grupos e tarefas que os alumnos desenvolverán, así coma nas propostas de búsqueda que eles terán que facer</p>

#### 4.2.2. Bloque 2- Actividades físico artístico-expresivas

##### 4.2.2.1. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias

<b>BLOQUE 2</b>		<b>Actividades Físicas artístico-expresivas</b>		
<b>ob xec tiv os</b>	<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>2ºESO compe tencias</b>
n m b g l d ñ	<p><b>B2.1.</b> Experimentación de actividades artísticoexpresivas utilizando técnicas de expresión corporal, combinando espazo, tempo e intensidade.</p> <p><b>B2.2. Creatividade e improvisación nas actividades artístico-expresivas de xeito individual.</b></p> <p><b>B2.3.</b> Realización de bailes e danzas sinxelas de</p>	<p><b>B2.1.</b> Interpretar e producir accións motoras con finalidades artísticoexpresivas, utilizando técnicas de expresión corporal e <b>outros recursos</b></p>	<p><b>FB2.1.1.</b> Utiliza técnicas corporais básicas, de forma creativa, combinando espazo, tempo e intensidade.</p> <hr/> <p><b>EFB2.1.2. Crea</b> e pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo prefixado de baixa dificultade.</p> <hr/> <p><b>EFB2.1.3.</b> Colabora no deseño e na realización de bailes e danzas sinxelas, <b>adaptando a súa execución á dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</b></p> <hr/> <p><b>EFB2.1.4. Realiza improvisacións de xeito individual como medio de comunicación espontánea.</b></p>	<p>CCEC</p> <p>CCEC</p> <p>CCEC</p> <p>CCEC</p>

carácter recreativo e popular.			
--------------------------------	--	--	--

#### 4.2.2.2. Contidos, actividades de aprendizaxe, temporalización e obxectivos

Bloque 2		Actividades Físicas artístico-expresivas	2º ESO
obxe	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Tempo
n m b g l d ñ	<b>B2.1.</b> Experimentación de actividades artístico-expresivas utilizando técnicas de expresión corporal, combinando espazo, tempo e intensidade. <b>B2.2.</b> Creatividade e improvisación nas actividades artísticoexpresivas de xeito individual. <b>B2.3.</b> Realización de bailes e danzas sinxelas de carácter recreativo e popular.	1-Utilización dos medios de expresión. 2-Utilización da respiración e a armonización cos movementos corporais 3-Utilización do espazo como medio de expresión e comunicación 4- A relaxación.Utilización de contrastes e comunicación non verbal 5-O ritmo.Adaptación das habilidades básicas a diferentes esquemas ritmicos. 6-Reproducción e creación de composicións expresivas en grupo	3ºtrim estre       3ºtrim estre

#### 4.2.2.3. Estándares de aprendizaxe, mínimos, instrumentos de avaliación e metodoloxía

BLOQUE 2	Actividades Físicas artísticoexpresivas	2ºESO
Estádares de aprendizaxe	Mínimos	Instrumentos de avaliación
<b>FB2.1.1.</b> Utiliza técnicas corporais básicas, de forma creativa, combinando espazo, tempo e intensidade	Manifesta, individualmente e colectivamente estados de ánimo e ideas empregando técnicas de dinámica de grupo e de expresión xestual	Rexistros
EFB2.1.2. <b>Crea</b> e pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo prefixado de baixa dificultade.		Rexistros

EFB2.1.3. Colabora no deseño e na realización de bailes e danzas sinxelas, <b>adaptando a súa execución á dos seus compañeiros e das súas compañeiras</b>	Colabora no deseño e na realización de bailes e danzas sinxelas adaptando a súa execución a do grupo	Rexistros Listas
EFB2.1.4. <b>Realiza improvisacións de xeito individual como medio de comunicación espontánea.</b>		Rexistros
<b>METODOLOXÍA:</b> os estilos de Tratarase de utilizar estilos de ensino serán variados, en función por descubrimento en tódalas ocasións. unha parte das reaccións do alumnos-as O traballo será ben en gran grupo, e por outra parte dos obxectivos de grupos pequenos ou parellas, buscando cada tarefa ou sesión. o aprendizaxe recíproco		

#### 4.2.3. BLOQUE 3 Actividade física e saúde

##### 4.2.3.1. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias

BLOQUE 3		Actividade física e saúde		2º ESO
O b x e c t	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias

m f b g	<p><b>B3.1.</b> Condición física. Capacidades físicas e <b>coordinativas</b> nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, e a súa vinculación cos sistemas do organismo.</p>	<p><b>B3.1.</b> Recoñecer os factores básicos que interveñen na acción motora e os mecanismos de control da intensidade da actividade física, e aplicarlos á propia práctica, en relación coa saúde e a alimentación</p>	<p><b>EFB3.1.1.</b> Analiza de xeito básico a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico-deportivas e artísticoexpresivas traballadas no ciclo -----</p>	CMCCT
	<p><b>B3.2.</b> Efectos sobre a saúde da actividade física e a alimentación.</p>		<p><b>EFB3.1.2.</b> Relaciona diferentes tipos de actividade física e alimentación co seu impacto na súa saúde -----</p>	CMCCT
	<p><b>B3.3.</b> Capacidade de adaptación do organismo ante a actividade física e a práctica deportiva.</p>		<p><b>EFB3.1.3.</b> Relaciona as adaptacións orgánicas principais coa actividade física sistemática, así como coa saúde e os riscos e as contraindicacións da práctica deportiva -----</p>	CMCCT
	<p><b>B3.4.</b> Control da intensidade do esforzo a través da frecuencia cardíaca.</p>		<p><b>EFB3.1.4.</b> Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora dos principais factores da condición física.-----</p>	CMCCT
	<p><b>B3.5.</b> Procedementos para a avaliación dos factores da condición física relacionados coa saúde.</p>		<p><b>EFB3.1.5.</b> Aplica con axuda procedementos para autoavaliar os factores da condición física.-----</p>	CMCCT
	<p><b>B3.6.</b> A actividade física e o seu efecto sobre a saúde. Criterios de selección de actividades para a realización dun plan de mellora da saúde.</p>		<p><b>EFB3.1.6.</b> Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, adoptando unha actitude crítica fronte ás prácticas que teñen efectos negativos para a saúde.</p>	CSC

M G F B	<p><b>B3.7.</b> Métodos básicos de adestramento para a mellora das capacidades físicas básicas relacionadas coa saúde.</p>	<p><b>B3.2.</b> Desenvolver as capacidades físicas máis salientables desde a perspectiva da súa saúde de acordo coas posibilidades persoais e dentro das marxes da saúde, amosando unha actitude de autoexixencia no seu esforzo.</p>	<p><b>EFB3.2.1.</b> Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento.</p> <p>-----</p>	CAA
	<p><b>B3.8.</b> Avaliación da condición física saudable e realización de actividades para a mellora desta, tendo en conta as súas características individuais.</p>		<p><b>EFB3.2.2.</b> Alcanza niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades.</p> <p>-----</p>	CAA
	<p><b>B3.9.</b> Ergonomía e hixiene postural na práctica de actividades físicas.</p>		<p><b>EFB3.2.3.</b> Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.</p> <p>-----</p>	CAA CSIEE
	<p><b>B3.10.</b> Actividade física habitual e outros hábitos de vida saudables, e o seu efecto sobre a calidade de vida.</p>		<p><b>EFB3.2.4.</b> Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física para a mellora da propia condición física saudable, relacionando o efecto desta práctica coa mellora da calidade de vida.</p>	CAA

#### 4.2.3.2. Contidos, actividades de aprendizaxe, temporalización e obxectivos

	BLOQUE 3	Actividade física e saúde	2ºESO
Obxectivo	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporización
m f b g	<p><b>B3.1.</b> Condición física. Capacidades físicas e coordinativas nas actividades físico-deportivas e artísticoexpresivas, e a súa vinculación cos sistemas do organismo.</p> <p><b>B3.2.</b> Efectos sobre a saúde da actividade física e a alimentación</p> <p><b>B3.3.</b> Capacidade de adaptación do organismo ante a actividade física e a práctica deportiva.</p> <p><b>B3.4.</b> Control da intensidade do esforzo a través da frecuencia cardíaca.</p> <p><b>B3.5.</b> Procedementos para a avaliación dos factores da condición física relacionados coa saúde.</p> <p><b>B3.6.</b> A actividade física e o seu efecto sobre a saúde. Criterios de selección de actividades para a realización dun plan de mellora da saúde.</p>	<p>1-Visualización dun video sobre capacidades físicas básicas e coordinativas Identificación das capacidades físicas que interveñen nas actividades físico-deportivas e artístico expresivas.</p> <p>2- A alimentación e a actividade física como elementos base dos estilos de vida saudable</p> <p>3- Aplicación de probas para avaliar as cualidades físicas básicas asociadas a saúde.</p> <p>4-Traballo dos diferentes tipos de resistencia e utilización da frecuencia cardíaca como medio para controlar o esforzo na práctica da actividade física.</p> <p>5-Práctica de actividades físico-motrice e valoración dos efectos que estas teñen na saúde persoal</p>	1º trimestre e 3º



m g f b	<p><b>B3.7.</b> Métodos básicos de adestramento para a mellora das capacidades físicas básicas relacionadas coa saúde.</p> <p><b>B3.8.</b> Avaliación da condición física saudable e realización de actividades para a mellora desta, tendo en conta as súas características individuais.</p> <p><b>B3.9.</b> Ergonomía e hixiene postural na práctica de actividades físicas.</p> <p><b>B3.10.</b> Actividade física habitual e outros hábitos de vida saudables, e o seu efecto sobre a calidade de vida.</p>	<p>1-Utilización de diversos métodos básicos (globais e específicos ) para a mellora da resistencia e utilización da frecuencia cardíaca como medio para controlar o esforzo na práctica da actividade física</p> <p>3- Utilización e diferenciación dos diferentes tipos de velocidade para identificala como componente básico nas distancias de curta duración</p> <p>4- Traballo de forza rápida e explosiva e a súa intervención nos lanzamentos de diferentes móbiles e nos saltos</p> <p>5-Traballo de flexibilidade como capacidade física facilitadora dos anteriores procedementos</p>	1º Trimestre
------------------	---	--	--------------

#### 4.2.3.3. Estándares de aprendizaxe, mínimos, instrumentos de avaliación e metodoloxía

BLOQUE 3	Actividade física e saúde	2º ESO
Estádares de aprendizaxe	Mínimos	Instrum avali
<b>EFB3.1.1.</b> Analiza de xeito básico a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físicodeportivas e artístico-expresivas traballadas no ciclo.	E capaz de identificar a implicación das capacidades físicas básicas e as coordinativas nas diferentes actividades físico-deportivas y artístico expresivas.	Traballos Cuestionario
<b>EFB3.1.2.</b> Relaciona diferentes tipos de actividade física e alimentación co seu impacto na súa saúde	Identifica as características e os beneficios duha alimentación e actividade física saudable.	Traballos Cuestionario
<b>EFB3.1.3.</b> Relaciona as adaptacións orgánicas principais coa actividade física sistemática, así como coa saúde e os riscos e as contraindicacións da práctica deportiva.	Coñecer as respostas e as adaptacións do organismo ante a práctica da actividade física sistemática, relacionandoa coa saúde	Traballos Probas escritas
<b>EFB3.1.4.</b> Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora dos principais factores da condición física.	E capaz de utilizar a frecuencia cardíaca como indicador da intensidade do esforzo e adaptarse os requerimentos solicitados.	Proba
<b>EFB3.1.5.</b> Aplica con axuda procedementos para autoavaliar os factores da condición física.	Participa nos procedementos para avaliar os factores da condición física	Proba Listas

<b>EFB3.1.6.</b> Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, adoptando unha actitude crítica fronte ás prácticas que teñen efectos negativos para a saúde.		Traballo Cuestionario
<b>EFB3.2.1.</b> Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento	Participa na mellora das súas capacidades físicas básicas	Listas de control
<b>EFB3.2.2.</b> Alcanza niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades.	Alcanza niveis de condición física acordes ao seu momento de desenvolvemento motor	Proba Listas
<b>EFB3.2.3.</b> Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.	Aplica os fundamentos de Hixiene postural nas prácticas facendo caso das recomendacións do profesor	Observación
<b>EFB3.2.4.</b> Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física para a mellora da propia condición física saudable, relacionando o efecto desta práctica coa mellora da calidade de vida.	Asocia a práctica habitual da actividade física coa mellora da condición física e a mellora da calidade de vida	Cuestionario Debate
<b>METODOLOXÍA:</b> avanzando dende una fase directiva por parte do profesor cara una fase autónoma do alumno.	.Estilos de ensino: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Ensino directo .-Grangrupo</li> <li>• Descubrimiento Guiado</li> </ul>	

#### 4.2.4. Bloque 4 Os xogos e as actividades deportivas

##### 4.2.4.1. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias

BLOQUE 4 Os xogos e as actividades deportivas				2ºESO
obxecti	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
a b g m	<b>B4.1.</b> Execución e avaliación de habilidades motrices vinculadas ás accións deportivas, respectando os regulamentos específicos.	<b>B4.1.</b> Resolver situacións motoras <b>individuais aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas</b> , das actividades físicas deportivas propostas, en condicións adaptadas.	<b>FB4.1.1.</b> Aplica os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas adaptadas, respectando as regras e as normas establecidas.	CAA CSIEE
	<b>B4.2.</b> Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes individuais.		<b>EFB4.1.2.</b> Autoavalía a súa execución de xeito básico con respecto ao modelo técnico formulado.	CAA CSIEE
	<b>B4.3.</b> Adquisición de técnicas de progresión e orientación no medio natural, a súa aplicación en diferentes contornos.		<b>EFB4.1.3.</b> Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados.	CAA CSIEE
			<b>EFB4.1.4.</b> Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación.	CAA CSIEE
			<b>EFB4.1.5.</b> Explica e pon en práctica técnicas de progresión nos contornos non estables e técnicas básicas de orientación, regulando o esforzo en función das súas posibilidades.	CAA CSIEE

a b d g m	<p><b>B4.4.</b> Execución de habilidades motrices técnico-tácticas facilitadas vinculadas aos deportes colectivos en distintas situacións, respectando os regulamentos específicos.</p> <p><b>B4.5.</b> Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes colectivos.</p>	<p><b>B4.2.</b> Resolver situacións motoras de oposición, colaboración ou colaboración-oposición facilitadas, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos máis relevantes.</p>	<p><b>EFB4.2.1.</b> Adapta os fundamentos técnicos e tácticos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas.</p> <p>-----</p> <p><b>EFB4.2.2.</b> Describe simplifadamente e pon en práctica de xeito autónomo aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas.</p>	<p>CAA CSIEE</p> <p>CAA CSIEE</p>
			<p><b>EFB4.2.3.</b> Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións de colaboración, oposición e colaboración-oposición facilitadas, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción.</p> <p>-----</p> <p><b>EFB4.2.4.</b> Reflexiona sobre as situacións facilitadas resoltas valorando a oportunidade das solucións achegadas e a súa aplicabilidade a situacións similares.</p>	<p>CAA CSIEE</p> <p>CAA CSIEE</p>

#### 4.2.4.2. Contidos, actividades de aprendizaxe, temporalización e obxectivos

	Bloque 4 Os xogos e as	Actividades deportivas	2º ESO
O b x e	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporalización
a b g	<b>B4.1. Execución e avaliación de habilidades motrices vinculadas ás accións deportivas,</b> respectando	Habilidades básicas relacionadas cas carreiras, saltos e lanzamentos. Habilidades específicas. O quencemento específico. Avaliación das habilidades atléticas Avaliación das habilidades ximnásticas	1º Trimestre  2º Trimestre –

m	<p>os regulamentos específicos.</p>	<p>Avaliación das habilidades do baloncesto Avaliación dos xogos propostos polos alumnos <b>-Badminton:</b> 1.1 O agarre, os golpes básicos, as traxectorias do voante; directas, tensas, bombeadas. 1.2 Os desprazamentos 1.3 regulamento e forma de xogo individual 1.4 Outros deportes de raqueta 1.5 Avaliación badminton <b>-Actividades de loita:</b> 1.1 Distintos agarres e regulamentos</p>	<p>-----2º e 3º Trime</p>
	<p><b>B4.2.</b> Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos <b>deportes individuais.</b></p>	<p>Iniciación <b>as actividades ximnásticas:</b> 2.1-Experimentación con materiais varios en diferentes situación de equilibrio. 2.2-Os desprazamentos en equilibrio e velocidade: circuitos e xogos de carreiras seguindo as liñas, seguindo as cordas, aros, bancos suecos.... 2. 3-Os desprazamentos en superficies elevadas. Superación de obstáculos e control das caídas. 2.4- Xiros sobre os tre eixos. Inversións 2.5-Combinación de saltos e xiros <b>Atletismo:</b> 2.1-Xogos de carreiras.Diferentes tipos de resistencia 2.2-Xogos de carreiras.Diferentes tipos de velocidade 2.3-Xogos de forza, saltos e lanzamentos 2. 4-Xogos de relevos</p> <p><b>xogos populares:</b> 2.1 Xogos no medio cotián 2.2 Xogo de raiuela corda. 2.3 Os bolos, a chave</p> <p><b>Deportes de raqueta</b> 2.1 Xogos con raquetas 2.2 O xogo de 1x1 en badminton</p> <p><b>Actividades de loita:</b> 2.1 Xogos grupais de forza onde haxa que cooperar para superar a oposición do equipo rival 2.2 As actividades de loita 1x1 2.3 os agarres</p> <p>Orientación e sendeirismo: 2.1 Xogos de orientación 3.1. Descrición básicas dos contidos</p>	<p>----- 1º Tri mestre</p> <p>----- 2º e 3º Trime stre</p> <p>----- 3º Tri</p>
	<p><b>B4.3.</b> Adquisición de técnicas de progresión e orientación no medio natural, a súa aplicación en diferentes contornos.</p>	<p>3.2 Ruta de sendeirismo olas proximidades do centro utilizando un mapa e recoñecendo os carreiros nos que se atopan</p>	

a b d g m	<b>B4.4.</b> Execución de habilidades motrices técnico-tácticas facilitadas vinculadas aos deportes colectivos en distintas situacións, respectando os regulamentos específicos.	4.1 O baloncesto, control, adaptación, manexo e progresión co móvil. 4.2 . Asimilación do ciclo de pases en baloncesto 4.3. Regulamento básico do baloncesto. A progresión e o tiro sen oposición. O 2x0, pases e lanzamentos. 4.4 Restricción do espazo para o defensor. Finalización en canastra 4.5 O 2X1 con finalización en tiro.As carreiras de pases 3x0. 4.6 O 1X1 con restriccións do defensor. 4.7 O 3x3 con restriccións dos defensores.	2º Trimestre
	<b>B4.5.</b> Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes colectivos.	5.1 Iniciación o Baloncesto mediante xogos predeportivos, rondos, os dez pases 5.2 Xogos de pases en baloncesto con /sen bote 5.3 Xogos en superioridade atacante en baloncesto 5.4 O xogo dos 10 pases con superioridade atacante	

#### 4.2.4.3. Estándares de aprendizaxe, mínimos, instrumentos de avaliación e metodoloxía

Bloque 4	Os xogos e as actividades deportivas	2ºESO
<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Mínimos</b>	<b>Instrumentos</b>
EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas adaptadas, respectando as regras e as normas establecidas.		Cuestionario Proba
EFB4.1.2. Autoavalía a súa execución de xeito básico con respecto ao modelo técnico formulado.		Cuestionario Proba
EFB4.1.3. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados.	Amosa coñecer os aspectos básicos da técnica das modalidades traballadas	Proba cuestionario
EFB4.1.4. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación.	Esforzase por mellorar e mellora e seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida.	Proba Rexistro
EFB4.1.5. Explica e pon en práctica técnicas de progresión nos contornos non estables e técnicas básicas de orientación, regulando o esforzo en función das súas posibilidades.	Utiliza as técnicas básicas das actividades no medio natural que se levan a práctica regulando o esforzo	Rexistro

EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas.	Participa de forma activa na realización de actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición	Rexistro Observación
EFB4.2.2. Describe simplifícadamente e pon en práctica de xeito autónomo aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas.	Amosa coñecer os aspectos básicos da organización de ataque e defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición	Proba
EFB4.2.3. Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións de colaboración, oposición e colaboración-oposición facilitadas, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción.		Rexistro
EFB4.2.4. Reflexiona sobre as situacións facilitadas resoltas valorando a oportunidade das solucións achegadas e a súa aplicabilidade a situacións similares.		Observación
<b>METODOLOXÍA:</b> Estará en función dos contidos a tratar e o grao de aprendizaxe no nos atopemos	Os estilos de ensino e aprendizaxe serán en principio de búsqueda con pequenas orientacións guía no proceso, por parte do profesor que irán levando ós alumnos a solución dos problemas perceptivos e decisoriais plantexados. Por tanto seguirase o formato de descubrimento guiado en cuestións de iniciación á táctica individual.	A continuación, utilizaremos tanto un estilodirectiv e logo reciproco no aprendizaxe da técnica

## 4.2. UNIDADES DIDÁCTICAS PARA CADA CURSO



### CURSO: 2º ESO

#### a. Temporalización

1ª AVALIACIÓN: aproximadamente 26 sesións

2ª AVALIACIÓN: aproximadamente 26 sesións

3ª AVALIACIÓN: aproximadamente 18 sesións

	2º ESO	Sesións
1ª Avaluación	 Presentación e sesións introductorias AVALIACIÓN INICIAL.	2
	 CONTIDOS CONCEPTUAIS	2
	 CONDICIÓN FÍSICA: “As capacidades físicas a través dos xogos”	7
	 TESTS DE APTITUDE FÍSICA	2
	 Xogos e deportes: “OS DEPORTES DE ADVERSARIO. INICIACIÓN A DEPORTES DE RAQUETA E LOITA”	9
	 “COÑECE OS XOGOS TRADICIONAIS DA COMUNIDADE”	2
	 HIXIENE POSTURAL	2
	 A ACTIVIDADE FÍSICA E A SAÚDE	2
	TOTAL	26
2ª Avaluación	 Xogos e deportes: “OS DEPORTES SOCIOMOTRICES. O BALONCESTO “	9



	📚 “OS MOVEMENTOS PRECISOS E EQUILIBRADOS. INICIACIÓN ÁS ACTIVIDADES XIMNÁSTICAS”	9
	📚 EXPRÉROME Á TRAVÉS DA DANZA TRADICIONAL: XOTA E MUIÑEIRA	6
	📚 CONTIDOS CONCEPTUAIS	2
	TOTAL	26
<b>3ª Avaliación</b>	📚 Xogos e deportes: “ <b>APRENDO A MOVERME NO MEDIO NATURAL: CABUIERÍA, ESCALADA</b> ”	7
	📚 “Coñezo o entorno do meu centro” <b>SENDEIRISMO</b>	2
	📚 Xogos e deportes: “ <b>OS DEPORTES SOCIOMOTRICES: FÚTBOL-SALA</b> ”	7
	📚 CONTIDOS CONCEPTUAIS	2
	TOTAL	18

## 1ª UNIDADE DIDÁCTICA:

### “AS CAPACIDADES FÍSICAS A TRAVÉS DOS XOGOS”

#### INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN.

Para poder traballar contidos propios do bloque de condición física, dispoñemos dun recurso fundamental: Os xogos. Estes gracias á multidisciplinariedade que presenta, permítenos incidir na mellora das habilidades básicas e na mellora das cualidades físicas e isto supón un traballo propio de dito bloque, utilizando actividades que precisan dun esforzo de forma lúdica.

A unidade didáctica desenvolverase no primeiro trimestre.

#### OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.

- Identificar as capacidades físicas que intervienen en cada unha dos xogos utilizados.
- Desenvolver habilidades básicas relacionadas con as carreiras, saltos e lanzamentos.
- Participar con independencia do nivel da condición física e do nivel de habilidade, mostrando actitudes de constancia e traballo.

#### CONTIDOS

- As habilidades básicas: concepto, características e disciplinas que comprende.

- As habilidades específicas: concepto e características.
- Especialidades deportivas basadas nas capacidades condicionales. Técnicas básicas dalgunsunos ejecuciones.
- O quencemento, pautas para a súa elaboración.O quencemento específico.
- Utilización e diferenciación de resistencia aeróbica anaeróbica AOI practicar diferentes tipos de carreras
- Utilización y diferenciación de diferentes tipos de velocidade.
- Utilización de diferentes manifestacións de forza en diferentes tipos de saltos e lanzamentos.
- A flexibilidade como facilitadora dos anteriores procedementos.
- Os xogos como medio de autosuperación e esforzo persoal.
- A aceptación de sí mesmo ou sí mesma e dos demais nas súas posibilidades de rendemento.
- Pracer pola práctica deportiva de xeito individual.

### ORIENTACIÓNS METODOLÓXICO-DIDÁCTICAS.

As sesións presentarán dúas tendencias en función do grao de aprendizaxe no que nos atopemos: nun primeiro estadio recurriremos ós estilos de ensino e aprendizaxe de búsqueda e descubrimento, de modo que os propios alumnos e alumnas levarán a cabo exercicios en forma de ensaio error para ir descartando as opcións menos recomendables na execución das habilidades, e ir recopilando aquelas solucións que lles axudarán a acadar un maior rendemento na habilidade da que se trate. A organización será en grande grupo, e no segundo estadio, onde trataremos de ensinar a técnica ortodoxa das habilidades, utilizaremos un estilo máis directivo, orientando as conclusións do alumnado cara a execucións concretas.

<b>TEMPORALIZACIÓN. ACTIVIDADES DE ENSINO E APRENDIZAXE</b>
---

#### SECUENCIACIÓN E BREVE DESCRIPCIÓN DE CADA SESIÓN.

<b>U.D. nº 1</b>	<b>“AS CAPACIDADES FÍSICAS A TRAVÉS DOS XOGOS”</b>
	Xogos de carreiras.Diferentes tipos de resistencia.
	A velocidade como compoñente básica nas carreiras de corta duración.
	A forza rápida e explosiva nos saltos en largo e alto.
	A forza rápida e explosiva nos lanzamentos de diferentes móbiles.
	A forza rápida e explosiva nos lanzamentos de diferentes móbiles
	A flexibilidade como facilitadora.
	Aplicación dunha lista de control sobre contidos utilizados

## ORIENTACIÓNS SOBRE A AVALIACIÓN.

A **avaliación inicial** constará dunha observación acerca do grao de dominio das habilidades básicas asociadas e unha exploración sobre a capacidade do grupo de atopar solucións ós problemas motores que se lles plantexen. **A avaliación formativa** consistirá en rexistrar a evolución do aprendizaxe da técnica día a día, e sobre todo, a observación da posta en práctica de contidos actitudinais (respecto polos demais, afán de autosuperación, pracer pola práctica deportiva, axuda ós compañeiros e compañeiras...). **A avaliación sumativa** consistirá nunha proba final onde se valorará a evolución na adquisición da técnica.

## 2ª UNIDADE DIDÁCTICA: “COÑECE OS XOGOS TRADICIONAIS DA COMUNIDADE”

### INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN

Nesta unidade didáctica tratase da recuperación de xogos tradicionais de Galicia, que transmitíronse de xeración a xeración e que por as características sociais do noso Centro, poden ser desconocidos para eles. Por outra banda intentaremos que eles investiguen e busquen estas tradicións entre seus avós ou antepasados. É importante que comprobemos o grao de actividade física que conlevan así como a cooperación que se establece cando fixan as normas e a comunicación interpersonal que iso supón. Levarase a cabo no primeiro e segundo trimestre.

### OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.

- Favorecer a participación habitual en xogos populares galegos.
- Implicar ós alumnos e alumnas na actividade física predominantemente lúdica cunha gran afectación a nivel social e afectivo.
- Desinhibirse, participar, cooperar xogando con compañeiros e adversarios.
- Desenvolver aspectos psicomotores, sociomotores e afectivomotores mediante estas actividades como desinhibición, ritmo, coordinación, cooperación, participación, interese, etc.

### CONTIDOS.

- 
- Os xogos tradicionais. Historia. Lugares habituais onde se practicaban. Localización xeográfica.
- O medio cotián e o medio natural e as posibilidades para o xogo motor.
- Regras nos xogos organizados e a súa aplicación.
- Xogos no medio cotián para o desenvolvemento de capacidades físicas: forza, resistencia e velocidade.
- Xogos no medio cotián de gran implicación neuromuscular-coordinativa, de equilibrio, ritmo...

- Xogos tradicionais e autóctonos da zona, con e sen música. □
- Xogos tradicionais e populares con materiais non habituais.
- Desinhibición, participación e cooperación en tódalas actividades que impliquen situacións pouco habituais: cantar, bailar, escenificar...
- Interés polos xogos novedosos, polos xogos tradicionais e actitude de participación e aprendizaxe hacia tódolos xogos que practiquemos. □
- Asimilación da importancia do xogo e da actividade física habitual.

## ORIENTACIÓNS METODOLÓXICO-DIDÁCTICAS.

**Os estilos de ensino e aprendizaxe** variarán en función dos tipos de xogos que empreguemos dentro da sesión. Así, para os xogos que son mais coñecidos para os alumnos e alumnas empregaremos **un estilo directivo na exposición da actividade** a levar a cabo, se ben a **partir de ahí deixaremos que o xogo se desenvolva sen intervir mais** que cando sexa totalmente necesario. En xogos tradicionais nos cales o alumnado non ten experiencia, ademais de expoñer as normas e a dinámica do xogo, trataremos de expoñer a técnica e estratexia que permite acadar a máxima eficacia, se ben podemos combinar isto con estilos de descubrimento. En canto ós xogos con música, procuraremos proporcionar toda a información posible, con un estilo totalmente directivo na aprendizaxe das cancións, se ben despois o xogo discorrerá según o funcionamento do grupo.

### TEMPORALIZACIÓN. ACTIVIDADES DE ENSINO E APRENDIZAXE

SECUENCIACIÓN E BREVE DESCRIPCIÓN DE CADA SESIÓN.

U.D. nº 4	COÑECE OS XOGOS TRADICIONAIS DA COMUNIDADE
	Tira-soga, carreiras de sacos, o pano, relevos de mazarocas,
	Os bolos, a chave.
	O peón
	Realización dos xogos propostos por os alumnos como resultado da súa investigación. Avaliación

## ORIENTACIÓNS SOBRE A AVALIACIÓN.

A avaliación nesta unidade didáctica comprenderá, en gran medida, a actitude ante as actividades propostas en tres aspectos a ter en conta: primeiro, a actitude ante a práctica de xogos habitualmente e no seu medio cotián, segundo, a actitude ante novos xogos descoñecidos e xogos tradicionais.

Así, **a avaliación inicial** estará constituída pola observación das actitudes nunha primeira sesión de xogos. **A avaliación formativa** constará da observación e retroalimentación constante da evolución dos alumnos e alumnas acerca destes aspectos, e a **avaliación**

**sumativa** terá en conta todo este proceso para a formulación dun informe onde se reflicta a evolución dos alumnos nestes aspectos e ademais eles presentarán xogos que terán que recoller da consulta a seus avós ou familiares

### **3ª UNIDADE DIDÁCTICA:**

#### **“OS DEPORTES DE ADVERSARIO. INICIACIÓN A DEPORTES DE RAQUETA E LOITA”**

##### **INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN.**

Nunha sociedade na que a esixencia de rendemento se produce cada vez a mais temprana idade, é conveniente proporcionar ós alumnos e alumnas uns hábitos de traballo en equipo e cooperación, pero tamén é necesario facer ver que a oposición pura a un adversario non ten por qué connotar conflito, nin moito menos violencia, senón que require da aplicación do máximo esforzo individual e, de non lograr o obxectivo, comprender que o adversario actuou mellor. É dicir, educar para aceptar as propias limitacións pero tamén para buscar a autosuperación.

Ademáis a actividade físico deportiva de combate pode utilizar implementos que supón unha ampla gama de habilidades pertencentes a diferentes deportes e actividades predeportivas que permitirán, ás persoas habitúadas ó seu manexo, posuír un amplo espectro de actividades que poder levar a cabo en cáseque calquera ámbito, tanto artificial ou adaptado (pádel, tenis, tenis de mesa, bádminton...)

Por todos estes motivos consideramos necesaria a aplicación dunha unidade didáctica na que os alumnos e alumnas compitan entre sí un contra un e os deportes de loita e con implementos como os citados considerámoslos axeitado para lograrlo. Isto é o que trataremos de facer nesta unidade didáctica. Ubicámola na terceira avaliación.

##### **OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.**

- Familiarizarse co manexo de móbiles mediante implementos: palas, raquetas...
- Asimilar esas habilidades como parte fundamental dun futuro aprendizaxe deportivo ( bádminton,tenis....)
- Recoñecer a accesibilidade cáseque en calquera medio da práctica deportiva con implementos.
- Desenvolver un interese e unha notable afección pola práctica destas actividades físicas e deportivas.
- Identificar, asimilar e comprender os conceptos “cooperación” e “oposición”, e asumir a importancia dos mesmos en tódalas actividades humanas.
- Resolver problemas derivados da oposición motriz pura contra adversarios, así como asumir os roles e identificar as accións motrices nunha situación de cooperación-oposición.

## CONTIDOS.

- O implemento e o móbil: concepto, características e posibilidades de acción. □ Os deportes que utilizan implementos para a súa práctica: coñecelos e assimilar os parámetros regulamentarios básicos.
- A cooperación. A cooperación motriz pura.
- A oposición. A oposición motriz pura.
- Manexo, adaptación, control do implemento. Golpeo do móbil utilizando o implemento en función das súas características.
- Xogo individual e colectivo con implementos.
- Habilidades de oposición motriz contra un adversario ou adversaria.
- Estratexias, habilidades e actuacións dentro dunha dinámica de xogo.
- Interese e gusto pola práctica de actividades con implementos.
- Participación, cooperación, afán de superación no xogo
- Asimilación da posibilidade de práctica que presentan estas actividades.

## ORIENTACIÓNS METODOLÓXICO-DIDÁCTICAS.

Os estilos de ensino e aprendizaxe que usaremos nesta unidade didáctica tenderán, fundamentalmente, á directividade, tanto no aprendizaxe técnico de manexo dos implementos como no control, adaptación, progresión etc. do móbil a través de ditos implementos. No xogo por parellas, sin embargo, predominará un estilo de descubrimento que guíe o aprendizaxe táctico individual.

## TEMPORALIZACIÓN.ACTIVIDADES DE ENSINO E APRENDIZAXE.

### SECUENCIACIÓN E BREVE DESCRIPCIÓN DE CADA SESIÓN.

U.D. nº 3	Título: “OS DEPORTES DE ADVERSARIO. INICIACIÓN A DEPORTES DE RAQUETA E LOITA.”
	O deporte: concepto, clasificación. Os deportes de adversario: loita e raqueta. Os deportes de raqueta: tipos e xeralidades regulamentarias. O bádminton: a raqueta, o espazo, o volante, o sistema de puntuación. Experimentamos coa raqueta e o volante. Golpeos.
	O xogo de cooperación. Xogo en grupos de 4 ou 5 tratando de que non caia o volante no chan. Carreiras de relevos mantendo a pluma no aire. Situacións de pase cooperativas.
	O xogo 1+1, 2+2, 2+2+1... Os tipos básicos de golpeo: dereito, revés, alto, medio, baixo. As traxectorias do volante: directas, tensas, semitensas, bombeadas... A experimentación de tódolos tipos de golpeo.

	Os desprazamentos no badminton: as indicacións básicas e a importancia da mobilidade no xogador. O regulamento e forma de xogo: o xogo individual.
	O regulamento e forma de xogo: o xogo de dobres.
	Outros deportes de raqueta: especificacións materiais, espaciais, de puntuación...Xogos con ditos materiais.
	A oposición con opción de cooperación. Actividades de loita de 2x1, con vantaxas técnicas para o solitario, ou 2x2 buscando modos de compensar as accións 2x1. Xogos grupais de forza onde haxa que cooperar para superar a oposición do equipo rival.
	A oposición: concepto e experimentación. As actividades de loita 1x1. Resolución de problemas motores con distintos tipos de agarres sobre o compañeiro que debe zafarse. Actividades de loita con distintos agarres e regulamentos.
	Avaliación.Xogo con raqueta aplicación de una escala descriptiva.

### ORIENTACIÓN S SOBRE A AVALIACIÓN

A avaliación desta unidade didáctica preséntase como moi complexa para nós, polo que ten por unha parte de compoñente actitudinal no seu plantexamento, e pola falta de criterios de avaliación concretos que poidamos aplicar de forma cuantitativa para cada alumno ou alumna.

Así pois, levaremos a cabo unha avaliación predominantemente cualitativa, na cal valoraremos a evolución na capacidade de elaborar estratexias de cooperación para acadar obxectivos comúns e poñelas en práctica. Tamén se valorarán os mesmos indicadores para as actividades de oposición pura, e incluso para as actividades de cooperación e oposición. Teremos en conta, tamén, a evolución na capacidade de cooperar, así como na posta en práctica de actividades de un contra un, tanto nos mecanismos de percepción e decisión, como no mecanismo de execución.

Nas dous últimas sesións, aplicaremos una observación sobre un xogo de raqueta na que ademáis observárase os golpes utilizados no xogo e a ocupación espacial.

## 4ª UNIDADE DIDÁCTICA

### EXPRESOME Á TRAVÉS DA DANZA TRADICIONAL: XOTA E MUIÑEIRA

#### INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN.

A través das técnicas desta unidade didáctica trátase de tener un maior coñecemento das posibilidades e limitacións de noso corpo, así como de establecer unha relación cos compañeiros mediante a expresión e a comunicación e a través do espacio e o tempo.

A Unidade desenvolverase durante o terceiro trimestre.

#### OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.

- Coñecer os medios técnicos de expresión corporal.

- Utilizar a relaxación e a respiración como método para mellorar o equilibrio psicofísico.
- Desenvolver as actividades con creatividade e participar de forma desinhibida.

### CONTIDOS.

- Compoñentes do movemento: O corpo valor expresivo.
- Elementos do movemento: Espacio, tempo, intensidade.
- Relaxación e respiración. Métodos
- Utilización dos medios de expresión
- Adaptación das habilidades básicas a diferentes esquemas rítmicos.
- Reproducción e creación de composicións expresivas en grupos.
- Interese e gusto pola práctica da actividade.
- Participación, cooperación co colectivo.
- Asimilación da posibilidade de práctica que presentan estas actividades.
- Valoración das técnicas de autocontrol e relaxación para conseguir o equilibrio sicosomático.

### ORIENTACIÓNS METODOLÓXICO-DIDÁCTICAS.

O estilo de ensino e aprendizaxe será variado, en función por unha parte das reaccións dos alumnos-as e por outra parte dos obxectivos de cada tarefa ou sesión. Tratarase de utilizar estilos de descubrimento en tódalas ocasións. O traballo será ben en gran grupo, ben en grupos pequenos ou parellas, buscando o aprendizaxe recíproco entre eles.

### TEMPORALIZACIÓN. ACTIVIDADES DE ENSINO E APRENDIZAXE.

#### SECUENCIACIÓN E BREVE DESCRIPCIÓN DE CADA SESIÓN.

U.D. nº 5	DANZO O RITMO DA MÚSICA
	Posibilidades de expresión con diferentes partes do corpo.
	A respiración . Armonización cos movementos corporais.
	O espacio. Utilización do espacio como medio de expresión e comunicación.
	A relaxación. Utilización de contrastes e comunicación no verbal.
	O ritmo. Reprodución e adaptación do movemento a estruturas rítmicas. Danzas tradicionais etc...Taballos grupais dos/das alumnos/as.

### ORIENTACIÓNS SOBRE A AVALIACIÓN.

Dado que os obxectivos desta unidade son predominantemente de tipo afectivoactitudinal, mais que tratar de avaliar a destreza acadada por cada suxeito técnicamente, trataremos de levar a cabo **unha avaliación continua** no seu sentido mais estricto, é dicir, tomando anotacións día a día acerca dos progresos na atención, no



interés, na desinhibición e participación. **A avaliación inicial** estará identificada coas primeiras sesións, de onde sacaremos información acerca do seu coñecemento do tema, e a sumativa será o resultado final do rexistro diario mais do traballo grupal feito por eles.

## **6ª UNIDADE DIDÁCTICA**

### **“OS MOVEMENTOS PRECISOS E EQUILIBRADOS. INICIACIÓN ÁS ACTIVIDADES XIMNÁSTICAS”**

#### **INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN.**

A necesidade de realizar movementos precisos, así como a capacidade para adaptarse a novas situacións leva consigo o traballo de coordinación e en numerosos casos de equilibración. É un concepto complexo utilizado de forma constante no movemento humano. A aplicación de todo isto a la ximnasia artística fae que os alumnos comprendan que son as habilidades específicas.

A unidade didáctica levarase a cabo no primeiro e segundo trimestre.

#### **OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

- Coñecer e diferenciar as capacidades coordinativas como compoñentes fundamentais de múltiples accións motrices.
- Mellorar a calidade dos movementos e a velocidade de adaptación motora a diversas situacións.
- Desenvolver as posibilidades de axuste a unha nova situación experimentada.

#### **CONTIDOS.**

- A capacidade coordinativa como expresión do acto voluntario. O control e o axuste do acto motor. Diferentes tipos de coordinación.
- O equilibrio como elemento básico do funcionamento perceptivo motor do organismo. Diferentes tipos de equilibrio.
- A ximnasia. Orixe e diferentes especialidades que comprende.
- Utilización de diversas superficies de apoio e recoñecemento das zonas de soporte do corpo.
- Búsqueda de accións equilibrantes estático-dinámicas, introducindo accións locomotrices y manipulativas
- Autosuperación. Superación de medo e afán de acadar maior rendemento.
- Cooperación cos compañeiros.
- Pracer cara a práctica deportiva habitual.

#### **ORIENTACIÓNS METODOLÓXICO-DIDÁCTICAS.**

En toda a unidade, trataremos de que os alumnos resolvan problemas motores mediante a emisión de solucións en forma de habilidades motrices, ou ben da combinación das mesmas. Para isto utilizaremos uns estilos de E/A basados no

descobremento, se ben as posibles solucións se plantexarán en gran grupo para tratar entre todos de optimizalas e executalas correctamente. Os propios alumnos valorarán as solucións aportadas polos seus compañeiros e tratarán de melloralas.

Utilizaremos xogos motores sempre que poidamos, como un elemento motivacional que axudará a tratar de optimizar a propia execución para lograr o fin establecido.

### TEMPORALIZACIÓN.ACTIVIDADES DE ENSINO E APRENDIZAXE.

#### SECUENCIACIÓN E BREVE DESCRIPCIÓN DE CADA SESIÓN.

U.D. nº6	Título: OS MOVEMENTOS PRECISOS E EQUILIBRADOS. INICIACIÓN A ACTIVIDADES XIMNÁSTICAS.
	Visionado do video de Habilidades ximnásticas de Jorge font
	Experimentación con materiais varios en diferentes situacións de equilibrio.
	Os desprazamentos en equilibrio e velocidade: circuitos e xogos de carreiras seguindo as liñas, seguindo cordas, aros, bancos suecos...
	Os desplazamentos en superficies elevadas.Superación de obstáculos e control nas caídas.
	Xiros sobre os tres eixos. Inversións.
	Habilidades de salto con y sin obstáculos.
	Combinacións de saltos e xiros.
	Utilización de material realizando diferentes circuitos en los que sexa necesario realizar equilibracións e coordinacións varias.

### ORIENTACIÓN SOBRE A AVALIACIÓN.

Para cada habilidade, **a avaliación inicial** realizarémola en dúas fases, primeiro, ó iniciar a unidade didáctica, e coas referencias que poidamos ter acerca da habilidade de cada alumno-a. Tomaremos datos que nos describan de xeito aproximado a destreza e as necesidades de cada un con actividades que traten as habilidades básicas de xeito global. Segundo, en cada sesión que adicaremos ás distintas habilidades haberá unha constante retroalimentación á hora de plantexar novos problemas motores, en función da calidade da resolución do anterior.

A **avaliación formativa** levarémola a cabo sesión a sesión, posto que as distintas habilidades están distribuídas ó longo de toda a unidade, e iremos valorando tanto a evolución nos contidos procedimentais como a adquisición de aqueles contidos actitudinais que consideramos fundamentais nesta unidade didáctica.

A **avaliación sumativa** acadarémola a través dos distintos rexistros da avaliación formativa: así, teremos datos acerca do nivel de execución dos alumnos-as en circuitos, en tarefas distintas... así como a evolución nos valores e actitudes que amosen os alumnos.

## **7ª UNIDADE DIDÁCTICA:** **“OS DEPORTES SOCIOMOTRICES. O BALONCESTO E FÚTBOL-SALA”.**

### **INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN.**

Os deportes de equipo constitúense nun contido que, debido á implicación de grande cantidade de capacidades humanas (físicomotrices, psicomotrices, sociomotrices, afectivomotrices, cognoscitivomotrices) adquire enorme importancia no desenvolvemento motor dos alumnos. Pero a complexidade no seu ensino fai que en moitas ocasións se limite a súa capacidade educativa á adquisición de parámetros técnicos e, en raras ocasións, tácticos. Aquí trataremos de ofrecer unha visión innovadora da metodoloxía de ensino dos deportes de equipo, se ben somos conscientes de que é un proceso longo, que trataremos de continuar e complementar ó longo de toda a E.S.O.

A unidade didáctica desenvolverase no segundo e terceiro trimestre.

### **OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.**

- Coñecer os deportes de equipo.
- Familiarizarse co móvil, co tempo e espacio, coas principais acotacións regulamentarias e coa relación cos compañeiros e adversarios.
- Asimilar os patróns tácticos de marcaxe e desmarque.
- Aprender a manexar o móvil, a progresar con él, a lanzalo, pasalo e recepcionalo.

### **CONTIDOS.**

- Os deportes de equipo: concepto e clasificación. regulamento do baloncesto: nocións básicas.
- Os compoñentes da estrutura formal dos deportes de equipo: móvil, tempo, espacio, compañeiros, adversarios, regulamento.
- O marcaxe e o desmarque.
- O manexo, adaptación, control e progresión co móvil no baloncesto.
- O pase e lanzamento no baloncesto.
- O xogo en situacións adaptadas: 2x1, 3x2, 2x2, 1x1...
- Interés polo deporte en xeral e polos deportes de equipo en particular.
- Afán de autosuperación en sinerxia xunto cos demais compoñentes do equipo. □ Aceptación das propias limitacións e as do propio equipo, axudando ós que amosen unha menor habilidade ou destreza.

### **ORIENTACIÓNS METODOLÓXICO-DIDÁCTICAS.**

Os estilos de ensino e aprendizaxe serán en principio de búsqueda con pequenas orientacións guía no proceso, por parte do profesor que irán levando ós alumnos á solución ou solucións dos problemas perceptivos e decisoriais plantexados. Por tanto, seguiremos o formato do descubrimento guiado en cuestións de iniciación á táctica

individual (desmarque e marcaxe). A continuación, utilizaremos tanto un estilo directivo nas primeiras etapas como un aprendizaxe recíproco mais adiante no aprendizaxe da técnica. A organización da clase será en gran grupo na maioría das situacións.

## TEMPORALIZACIÓN.ACTIVIDADES DE ENSINO E APRENDIZAXE

### SECUENCIACIÓN E BREVE DESCRIPCIÓN DE CADA SESIÓN.

<b>U.D. nº 7</b>	<b>Título: “OS DEPORTES SOCIOMOTRICES. O BALONCESTO E O FÚTBOL-SALA”</b>
	Descripción básica dos contidos por sesión
